



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Bases para a contratación en réxime laboral temporal de un monitor deportivo para o Concello de Bueu para a execución do programa Bueu Concello Saudable 2019/2020

1ª Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de un monitor para o Concello de Bueu. O sistema de provisión da praza é oposición libre, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o disposto na lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

2ª Modalidade de contratación e duración do contrato.

A modalidade de contratación será a de un contrato laboral temporal de duración determinada, como monitor deportivo coa categoría equivalente o subgrupo C1, de acordo co establecido no Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu, a xornada completa, establecida en 37,5 horas semanais, prevista no R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, e a súa duración será de 9 meses dende o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020, para a impartir as actividades deportivas incluídas no programa Bueu Concello saudable.

As retribucións mensuais serán de 1.695,15€, e aboaranse con cargo á partida orzamentaria 340 13100 Deportes. Persoal laboral temporal, do Concello de Bueu.

3ª Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

1.-Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.

2.-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.

4.- Estar en posesión ou en condición de obtelo, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, do Título de Técnico Superior en Animación de Actividades físicas e deportivas (Decreto 91/1999 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia) ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

5.- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.

6.- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.

7.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Estes requisitos deberán ser cumpridos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, durante o proceso selectivo e ata o momento de formalizar a contratación.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4ª Funcións e tarefas.

Consistirá na impartición das seguintes clases enmarcadas no Programas de Deportes “BUEU CONCELLO SAUDABLE 2019-2020”:

- Ximnasia para maiores.
- Ximnasia de mantemento.
- Ximnasia para persoas con mobilidade reducida.
- Matroximnasia.
- Ximnasia prenatal.
- Ximnasia para persoas con discapacidades.
- Pilates.
- Psicomotricidade

As funcións e tarefas a desempeñar son as seguintes:

- Impartir as clases técnicas que se programen por parte Concellería de Deportes enmarcadas dentro do programa Bueu Concello Saudable 2019/2020
- Manter a orde e control das persoas que participen nas clases ou nas actividades.
- Velar polo bo uso das instalacións material deportivo, tanto do que se ceda aos participantes nas actividades como aquel que utilicen a nivel individual no seu traballo.
- Outras tarefas relacionadas coas actividades organizadas de carácter deportivo e que se lle asignen.

5ª Solicitudes de admisión e prazo de presentación

1. A instancia-declaración responsable para tomar parte neste proceso selectivo deberán ir dirixidas ao Alcalde, no modelo que se facilitará no rexistro da Corporación e na páxina Web da mesma (<https://concellodebueu.gal>) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, en horario de 8 a 14,00 horas, de luns a venres. As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas na Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
2. As persoas que non presenten directamente a instancia-declaración responsable no Rexistro municipal deberán comunicalo por fax o mesmo día da presentación no número 986322099 coa copia da solicitude presentada no organismo correspondente.
3. O prazo de presentación de solicitudes é de **5 días hábiles**, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen prexuízo da publicación do anuncio nun dos diarios de maior difusión da provincia, de acordo co disposto no Convenio do persoal laboral do Concello de Bueu.
4. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, e que manifestan, baixo a súa responsabilidade que dispoñen da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo o tribunal tivera indicios de que algún dos aspirantes non cumpre cos requisitos para o desempeño do posto de traballo poderá solicitarlle a documentación acreditativa, que no caso de non ser aportada implicaría a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

6ª Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

1. Rematado o prazo de presentación de documentación o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de **2 días** declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na súa páxina web(<https://concellodebueu.gal>) e no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu.

Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador. Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de 2 días, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 76 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, así como poderán comunicar a abstención e/ou solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2. Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello e no taboleiro electrónico da Sede electrónica do Concello de Bueu. Na mesma resolución determinarase o lugar e data de celebración da proba do proceso selectivo. De non existir aspirantes excluídos/as elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

7ª Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 59 da lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal, nin o persoal eventual.

O órgano de selección estará composto polo presidente e tres vocais e será asistido por un secretario. Os membros serán designados por resolución de alcalde que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web (www.concellodebueu.gal). Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e voto coa excepción do secretario que actuará con voz e sen voto.

Na súa composición deberase cumprir o principio de imparcialidade, profesionalidade e especialidade.

Os acordos adoptados polo Tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o alcalde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da LPAC.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da LRXSP.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar o seus membros cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da LRXSP.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

8ª Procedemento de selección.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Para poder realizar o exercicio da oposición, os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante). O procedemento de selección desenvolverase nun único exercicio obrigatorio e eliminatorio, e consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria que figura no anexo I, no tempo de realización que acorde o tribunal antes do seu comezo. Cada pregunta constará de 4 respostas, sendo válida só unha delas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 5 puntos para superalo. O tribunal establecerá o nivel de coñecementos mínimo dos aspirantes para obter a puntuación de 5 puntos.

O día seguinte hábil o Tribunal publicará as puntuacións acadadas no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu, e concederá un prazo máximo de 2 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaran en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatas que superaron a proba.

9ª Cualificación final e relación de aprobados.

A cualificación final obtida polos aspirantes, resultante da puntuación outorgada no exercicio tipo test. Serán seleccionados aqueles que obteñan maior puntuación global. En caso de empate na puntuación resolverase mediante sorteo público.

10ª Contratación das persoas seleccionadas

Rematado o proceso selectivo, o tribunal formulará a proposta de contratación a favor do aspirante que acadase a maior puntuación final.

A persoa aspirante proposta deberá achegar no prazo máximo de 2 días hábiles dende a proposta de contratación a seguinte documentación:

- DNI cotexado.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Título de Técnico Superior en Animación de Actividades físicas e deportivas (Decreto 91/1999 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia) ou titulación equivalente ou que a englobe para o seu cotexo polo departamento de persoal.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.
- Número da Seguridade Social e IBAN da conta bancaria para a domiciliación da nómina.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado, este decaerá nos seu dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir por falsidade na instancia.

Presentada a citada documentación as persoas aspirantes propostas serán contratadas mediante contrato laboral temporal por obra ou servizo para o programa de Bueu Concello Saudable 2019/2020.

11ª Listaxe de reserva.

As persoas aspirantes que superado o proceso selectivo non fosen contratadas, formarán unha lista de reserva para cubrir as posibles renuncias ou baixas das persoas candidatas contratadas. Esta listaxe de





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

reserva vincúlase única e exclusivamente á xestión do proceso selectivo derivado do programa Bueu Concello saudable 2019/2020, quedando sen efectos unha vez rematada a contratación.

12ª Período de proba.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba segundo establecido no artigo 14 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda para adopción, asistencia social, risco durante a lactación e paternidade, afectando ó empregado durante o período de proba interrompen o cálculo do mesmo sempre que houberse acordo entre as partes.

13ª Disposicións derradeiras

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o disposto na lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, Lei de Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no caso e na forma establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

14ª Publicidade do procedemento

A publicidade das bases que rexen este procedemento e prazos para presentar solicitudes do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na prensa local, no taboleiro electrónico que se accede dende a sede electrónica do Concello de Bueu e na páxina web municipal. As bases e o resto de actos do procedemento publicaranse mediante inserción de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico que se accede dende a Sede electrónica do Concello de Bueu e na páxina web municipal.

ANEXO I: TEMARIO DA CONVOCATORIA

Tema 1. Organización do deporte municipal.

Tema 2. Execución e organización dun evento deportivo. Características xerais.

Tema 3. Os programas de animación deportiva. Concepto, aspectos metodolóxicos, avaliación.

Tema 4. Os programas deportivos municipais. Actividades deportivas de ocio, saúde e deportivos (federados e non federados).

Tema 5. Aspectos fisiolóxicos da actividade físico-deportiva: quencementos e estiramentos, preparación e aprendizaxe da respiración, tipos de exercicios, recuperación de lesións, a sesión práctica.

Tema 6. Execución de programas de actividade física-deportiva con poboación adulta, terceira idade, discapacitados intelectuais, mobilidade reducida, embarazadas e nenos.

Tema 7. Criterios de prevención das lesións deportivas: o quecemento e os estiramentos.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Tema 8. O deporte escolar. Os xogos deportivos escolares. Concepto, Características do seu desenvolvemento e obxectivos.

Tema 9. A organización municipal: atribucións dos órganos de goberno e competencias dos municipios.

Tema 10. O Estatuto Básico do Empregado Público: Clases dos empregados públicos. Deberes dos empregados públicos.

